

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES, EMPRESARIOS E PROFESIONAIS CCA COMPOSTELA MONUMENTAL PARA A CELEBRACIÓN DO X CONGRESO INTERNACIONAL COMPOSTELA MONUMENTAL

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, D^a. María Nava Castro Domínguez, directora da **Axencia de Turismo de Galicia**, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 120/2020, do 10 de setembro (DOG núm. 185, do 11 de setembro), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 108/2022, do 16 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 117, do 20 de xuño), que desconcentra na titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

E doutra parte, D. José Manuel Bello Rey, actuando en nome e representación da Asociación de Comerciantes, Empresarios e Profesionais CCA Compostela Monumental, con CIF G15382468, en calidade de presidente.

As partes recoñécense capacidade legal suficiente para outorgar o presente convenio de colaboración, a cuxos efectos

EXPOÑEN



PRIMEIRO.- Que a Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 1 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a axencia pública autonómica á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades de promoción do turismo.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

SEGUNDO.- Que a Asociación de Comerciantes, Empresarios e Profesionais CCA Compostela Monumental é unha asociación sen ánimo de lucro que aglutina comerciantes, empresarios e profesionais situados no casco histórico de Santiago de Compostela. Para ela é moi importante transmitir ó sector a á sociedade en xeral o papel que leva a cabo diariamente o pequeno comercio tradicional no desenvolvemento e crecemento, non só económico, senón tamén turístico, social, cultural e patrimonial das cidades de Europa.

É por isto que a asociación, que cumpre neste ano 2022 trinta anos de vida, sempre se significou por promover as novidades do sector, así como por difundir as normativas e lexislacións vixentes en materia de comercio e turismo nos ámbitos local, autonómico, nacional e europeo, xa fose mediante charlas, elaboración de manuais prácticos, conferencias, xornadas informativas e o seu congreso anual.

TERCEIRO.- Que Santiago de Compostela é un punto de referencia a nivel mundial por formar parte e ser destino final do Camiño de Santiago, camiño de unión e de cultura de Europa, Patrimonio da Humanidade, e que ten a súa máxima expresión nos Anos Santos Xacobeos. Con motivo do Ano Santo 2022, e como presidenta da Confederación Española de Cascos Históricos (COCAHI), a Asociación considerou oportuno celebrar o X Congreso Internacional de Cascos Históricos na cidade de Santiago de Compostela, coñecedora da boa acollida que terá entre as distintas asociacións, máis de 55 en toda



España, que compoñen COCAHI, os 58 Centros Comerciais Abertos de Galicia e as distintas asociacións de comerciantes e empresarios situados nos principais cascos históricos de países como Portugal, Francia e Inglaterra.

CUARTO.- Que a Asociación de Comerciantes, Empresarios e Profesionais CCA Compostela Monumental organizará os días 19, 20 e 21 de outubro de 2022 o X Congreso Internacional de Compostela Monumental no casco histórico de Santiago de Compostela. Difundir o papel que desenvolve o pequeno comercio tradicional no crecemento da economía da Europa do século XXI, xunto coas políticas que este desenvolve no fortalecemento das PEMES situadas nos cascos históricos, no fomento e o acceso dos mozos emprendedores ó emprego, para que contribúan ó relevo xeracional e modernización do sector, son algunhas das metas que persegue dar a coñecer este congreso.

Para este X congreso a asociación espera contar coa participación de máis de 150 persoas, directivos e técnicos de asociacións de comerciantes e empresarios situados nos cascos históricos de Europa e América, estudantes universitarios, organizacións comerciais e de consumidores, técnicos de comercio, urbanismo, cultura e turismo das administracións públicas de España e de varios países da Unión Europea.

Os temas a tratar polos distintos poñentes estarán relacionados con:

- Fortalecemento da recuperación económica de Europa mediante o comercio, ocio, cultura e turismo
- Innovación, emprendemento e relevo xeracional en zonas comerciais turísticas
- Crecemento sostible
- Papel do comercio tradicional no futuro dos centros de cidade no mundo

Preténdese que a repercusión do congreso sexa a nivel internacional, aínda que se nutrirá principalmente de público de Galicia, do resto das comunidades autónomas de



España, de varios países da Unión Europea como Portugal, Francia e Reino Unido e de América.

QUINTO.- Que as entidades consideran de mutuo interese a colaboración na actuación obxecto deste convenio porque contribúe á promoción e potenciación do turismo de Galicia como factor de crecemento económico, así como ao fomento do turismo como instrumento de reequilibrio territorial. Por esta razón, concorren para os efectos establecidos nos artigos 19.4.c) e 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1.a) do Regulamento da devandita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, razóns de interese público para o outorgamento da subvención.

Non procede a realización dunha convocatoria pública, ao ser a Asociación de Comerciantes, Empresarios e Profesionais CCA Compostela Monumental a única entidade organizadora da actuación obxecto da subvención.

Dada a converxencia de ámbitos de actuación e o mutuo interese en axuntar esforzos na consecución duns fins que son comúns, as partes asinantes, en virtude da representación coa que interveñen, acordan a subscripción deste convenio, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.-Obxecto

Constitúe o obxecto do presente convenio o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e Asociación de Comerciantes, Empresarios e Profesionais CCA Compostela Monumental para a celebración do X Congreso Internacional Compostela Monumental, que tivo lugar os días 19, 20 e 21 de outubro de 2022 en Santiago de Compostela.



Segunda.- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado para as actuacións obxecto deste convenio ascende 15.000,00 € (IVE incluído), co seguinte desagregamento:

PARTIDA	DESCRICIÓN	IMPORTE
Secretaría técnica	Coordinación evento, convocatoria, rexistro asistentes, protocolo	4.000 €
Gastos participantes e conferenciantes	Viaxes, aloxamentos, manutención, traslados, honorarios	3.000 €
Gastos sede e equipamentos	Alugueiro salóns, mobiliario e equipamento (megafonía, rotulación, servizos audiovisuais, servizo de tradución, equipo técnico). Acondicionamento floral sala	5.000 €
Gastos persoal	Servizo azafatas, tradutores, guías, moderadores, condutores evento, animadores	3.000 €
	TOTAL	15.000,00 €

Deste orzamento total, a Axencia Turismo de Galicia financiará as actividades cun importe máximo de 15.000,00 € (IVE incluído), con cargo á aplicación orzamentaria 05.A2.761A.781.0, código de proxecto 2015 00005, dos orzamentos da Comunidade Autónoma para Galicia para o ano 2022.



A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pagamento do importe a favor da entidade, unha vez esta presente a documentación xustificativa establecida no presente convenio.

En todo caso, a achega da Axencia Turismo de Galicia para posibilitar a realización das actuacións só cubrirá o custo de realización da actividade sen que a entidade obteña beneficio ou lucro industrial algún con elas.

Terceira. Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollida na cláusula segunda e que se realicen a partir do **1 de xaneiro de 2022**. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co artigo 29.7 da Lei de subvencións de Galicia, os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a súa adecuada preparación ou execución.

Cuarta.- Compromisos das partes

1. Asociación de Comerciantes, Empresarios e Profesionais CCA Compostela Monumental, como entidade beneficiaria da subvención, obrígase a:

- Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto.



- Facer constar a cooperación da Xunta de Galicia a través da Axencia Turismo de Galicia en toda a información que se difunda sobre as actuacións, tanto nos medios de comunicación como no material informativo que se puidera distribuír.
- Incluír en toda a documentación e soportes específicos das accións obxecto do presente convenio que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia e incluír a marca do Xacobeo 2021-22, de acordo co manual de identidade visual, aprobado polo Decreto 104/2021, do 24 de xuño, polo que se aproba a actualización do Manual de identidade gráfica Xacobeo 2021-22 (DOG núm. 132, do 13 de xullo).
- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de control do destino do investimento.
- Presentar, con anterioridade á sinatura do convenio, as certificacións de estar ao corrente das súas obrigacións tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter débedas pendentes por ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
- Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.



- As restantes obrigas establecidas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia.

2. A Axencia Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento do custo das actuacións previstas a través da realización do investimento previsto na cláusula segunda.

Quinta.- Inexistencia relación laboral

A subscrición deste convenio non implica relación laboral de ningún tipo entre a Axencia Turismo de Galicia e as persoas que realizen as actuacións obxecto do mesmo, de xeito que non se lles poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Non se derivarán obrigas propias dunha relación laboral ou contractual de conformidade coa normativa vixente.

Sexta.- Compatibilidade

De conformidade co disposto no artigo 40.1 d) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a achega económica prevista neste convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

En ningún caso o importe das subvencións as que se refire o parágrafo anterior poderá superar, no seu conxunto, cústeo da actividade subvencionada, ao amparo do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Sétima.- Xustificación do convenio e pagamento

I. A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de **conta xustificativa**, de acordo co previsto nos artigos 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de



Galicia e o artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño que a desenvolve, que conterá a seguinte documentación:

1) Memoria de actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2) Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

a) Unha relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.

b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago. No caso de tratarse de gastos inferiores a 1.000 € poderá xustificarse o pagamento mediante recibo do provedor.

c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).

d) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

e) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar o beneficiario.

f) Se for o caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados destes.



Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración da Xunta de Galicia e a marca do Xacobeo 2021-22.

3) Certificación bancaria de titularidade da conta na que se deba realizar o pagamento.

A entidade beneficiaria deberá presentar os certificados de que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 11 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

II. A contribución da Axencia Turismo de Galicia minorarase proporcionalmente no caso de que non se xustifique o orzamento total que figura na cláusula segunda, sempre e cando se acade o obxecto deste convenio de colaboración. Non obstante, non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.

III. A comunicación relativa á obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención, deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse



na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

IV. Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do referido prazo de xustificación. Exceptúanse aqueles gastos cuxos pagamentos deban efectuarse nun momento posterior por axustarse aos calendarios de recadación, como os ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación. O importe destes ingresos ou cotas considerarase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) en que se reflicta o importe de retención ou cotizacións devindicadas na data de xustificación. A entidade beneficiaria quedará obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario.

V. De conformidade co artigo 29.7 da Lei de subvencións de Galicia, serán subvencionables os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución desta.

O importe correspondente ao IVE só poderá ser imputado ao convenio na contía que non sexa recuperada ou compensada pola entidade beneficiaria, o cal deberá ser acreditado por esta coa xustificación do convenio. A Axencia Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.



O prazo para presentar a documentación xustificativa será desde a formalización do convenio ata o **1 de decembro de 2022**.

A documentación correspondente á xustificación presentárase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

Oitava.- Comisión de Seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución créase unha Comisión de Seguimento, que estará integrada por dous representante designados por cada unha das partes asinantes. A comisión será a competente para decidir calquera cuestión sobre a interpretación ou execución do presente convenio.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola comisión de seguimento, e en última instancia dirimiranse na xurisdición contencioso-administrativa.

Novena.- Subcontratación

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso quedan fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incurrir a entidade beneficiaria para a realización por si mesma da actividade subvencionada.



A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante a entidade beneficiaria, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. O Arcebispado de Santiago de Compostela será o responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Os/as subcontratistas están obrigados/as a facilitarlles aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
- d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a previa autorización do órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.



Décima. Reintegro da subvención

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, a entidade beneficiaria deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia.

Décimo primeira.- Modificación e resolución do convenio

1. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2. Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime de todos os asinantes.



- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décimo segunda.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da lexislación de contratos das Administracións públicas, segundo dispón o artigo 6.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, sen prexuízo da aplicación dos principios da citada Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin á vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdicional as citadas controversias.

Décimo terceira.- Publicidade e rexistro do convenio e autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio

O réxime de publicidade do convenio será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigacións específicas de información sobre convenios. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade, incluída tamén a publicidade no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.



Segundo o artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Asemade procederáse a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, os datos de carácter persoal e mailo resto de especificacións contidas no convenio.

Décimo cuarta.- Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a súa adecuada formalización e desenvolvemento en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

Décimo quinta.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen



personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo sexta.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2022.

E, en proba de conformidade, as partes asinan este convenio.

Pola Axencia Turismo de Galicia

Pola Asociación

M^a Nava Castro Domínguez

José Manuel Bello Rey

